

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2021/7

DATA: xoves 27 de maio de 2021

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:03 h

HORA DE REMATE: 21:54 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA INES MONTERO ARES, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Incorporase a sesión do pleno as 20:10 h.

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

PP

MARIANO MOARES RIAL

GERMAN ALLUT VIDAL

FRANCISCO RUBIO VICENTE

PSdeG-PSOE

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común-SON

JULIAN BUSTELO ABUÍN

JULIO ALCALDE HERMO

Ciudadanos

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP

ALICIA CAROU ROMERO

OUTROS: (EMPREGADOS PÚBLICOS MUNICIPAIS)

CARLOS CES OZORES

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 6/2021 do Pleno en sesión ordinaria do 29 de abril de 2021
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA DECLARAR AS ALFOMBRAS COMO PATRIMONIO CULTURAL DA HUMANIDADE
4. MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común:IMPLANTAR NO CASCO URBANO DE RIANXO O LÍMITE MÁXIMO DE VELOCIDADE PARA VEHÍCULOS EN 30 KM/H
5. MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: MODIFICACIÓN DO VIAL DE ACCESO AO NÚCLEO DO PAZO.
6. MOCIÓN grupo municipal BNG: DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBLE, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRESIÓN
7. MOCIÓN grupo municipal BNG: RETIRADA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO AO PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA
8. Rogos e preguntas

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=AqG2ilCOoG4>

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 6/2021 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE ABRIL DE 2021

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2021 de 29/04/2021.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/04/2021, Acta nº 6/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2021 ata o 30/04/2021, que comprenden os números 278/2021 ao 361/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 6 da Sesión extraordinaria do día 08/04/2021
- Acta nº 7 da Sesión extraordinaria do día 22/04/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA DECLARAR AS ALFOMBRAS COMO PATRIMONIO CULTURAL DA HUMANIDADE

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **DECLARAR AS ALFOMBRAS COMO PATRIMONIO CULTURAL DA HUMANIDADE** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación Ondiñas Mainas presentou un escrito neste Concello solicitando o apoio plenario para que as alfombras de Rianxo, dentro do alfombrismo galego, acade o recoñecemento como Patrimonio Inmaterial da Humanidade por parte da UNESCO.

As alfombras e a súa tradición son de grande importancia cultural, tradicional, relixiosa, artística e patrimonial. Como arte efémera compre preservar este legado coas súas técnicas, coñecementos e motivos para que sexan protexidos e fomentados entre a cidadanía coas accións que se consideren necesarias para a súa conservación e difusión. Rianxo, ao igual que outros lugares de Galiza, Pontearreas, Bueu, Ames, Moaña, participa desta tradición que tamén se realiza en moitos lugares do mundo como Bélxica, México ou Portugal.

O obxectivo das institucións e as comunidades locais, defensoras e transmisoras do patrimonio cultural do seu territorio, é reforzar as iniciativas e o compromiso a fin de garantir o seu recoñecemento, respecto e valorización.

Por todo o exposto propóñense ao Pleno da Corporación os seguintes **Acordos**

1. Dar o consentimento da Corporación de Rianxo para que os Coñecementos e técnicas relacionados coa arte efémera de elaborar alfombras e outros elementos con flores e materiais naturais, sexan inscritas na Lista Representativa do Patrimonio Inmaterial da UNESCO.
2. Facultar ao alcalde para asinar a documentación que sexa necesaria para esta finalidade e comunicar este acordo á Federación de Asociacións de Alfombristas Galegos de Arte Efémera.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

4 MOCIÓN do grupo municipal rianxo en común: IMPLANTAR NO CASCO URBANO DE RIANXO O LÍMITE MÁXIMO DE VELOCIDADE PARA VEHÍCULOS EN 30 KM/H

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **IMPLANTAR NO CASCO URBANO DE RIANXO O LÍMITE MÁXIMO DE VELOCIDADE PARA VEHÍCULOS EN 30 KM/H** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente entrada en vigor da modificación do Regulamento Xeral de circulación que reduce a 30 km/h a velocidade en vías urbanas en rúas de un único carril por sentido e a 20 km/h naquelas que, ademais, teñen plataforma única de estrada e beirarrúa, é unha oportunidade para establecer o dito límite de 30 km/h en todo o casco urbano do municipio seguindo así o exemplo de Concellos como Pontevedra, Caldas de Reis ou Carballo, por citar algúns.

Facer isto non só evitaría eventuais confusións derivadas da nova situación, senón que, fundamentalmente, contribuiría a aumentar a seguridade para as persoas, así como a reducir a o ruído ambiental, mellorar a calidade de vida e a mobilidade dos veciños e veciñas.

No ámbitos da seguridade vial os expertos coinciden:

- Para que os peóns e as bicicletas se mesturen de forma segura co tráfico motorizado, as velocidades deben manterse en torno aos 30 km/h.
- Os sistemas de seguridade para peón cos que contan os vehículos son máis eficaces ao redor de 30-40 km/h.
- A 30 km/h dáse con maior frecuencia un “intercambio social” entre condutor e peón, o que parece contribuír a un comportamento máis seguro do condutor respecto dos peóns.
- O risco de que un peón morra nun accidente de tráfico pode reducirse un 75% cando o condutor opta por viaxar a 40 km/h en vez de a 50 km/h e en máis do 90% cando se opta por viaxar a 30 km/h.
- Os erros de xuízo ao cruzar unha rúa son similares para os adultos mozos e para as persoas maiores cando o tráfico circula a esta velocidade reducida, pero é 19 veces maior no caso dos maiores se a velocidade aumenta a 50 km/h.

Ademais, con esta redución diminúen tamén o nivel de ruído tal e como se recolle nas conclusións do informe de recomendacións do Grupo de Expertos Académicos para a 3ª Conferencia Ministerial Global de Seguridade Vial.

Do mesmo xeito, redúcese a emisión de gases de efecto invernadoiro, fundamentalmente de dióxido de carbono, un gas que ademais resulta moi perxudicial para as vías respiratorias dos rapaces e rapazas.

Por todo o anterior, e para comezar a construír unha vila e un municipio máis seguro, máis limpo e máis amable para as persoas, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponse ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o Goberno inicie as accións necesarias para implantar a velocidade máxima de 30 km/h no casco urbano de Rianxo.

2. Que o Goberno elabore un informe do actual estado dos pasos de peóns da vila e do conxunto do municipio e realice as melloras oportunas naqueles que o precisen (pintura desgastada, pouca visibilidade, obstáculos para as persoas con mobilidade reducida, falta de iluminación...), e que proceda a establecer outros novos naqueles puntos máis frecuentados por peóns e nos que non existen.

Incorporase a sesión do pleno as 20:10 h. A concelleira Hadriana Ordoñez Otero

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 3 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e unha abstención (da concelleira do grupo Ciudadanos) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

5 MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: MODIFICACIÓN DO VIAL DE ACCESO AO NÚCLEO DO PAZO.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a MODIFICACIÓN DO VIAL DE ACCESO AO NÚCLEO DO PAZO. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vial que conduce ao lugar do Pazo dende a DP-7202 a altura do Bar A Lareira, estréitase a escasos metros desta estrada mencionada. Tal circunstancia, ademais de dificultar o tránsito dos vehículos particulares dos veciños e veciñas do lugar, dificulta e mesmo impide o acceso de vehículo dun tamaño maior, como poden ser os vehículos de emerxencia (bombeiros, ambulancias, etc.).

Noutros puntos do municipio nos que se dan circunstancias semellantes resulta complexo resolver a situación, ben pola proximidade das vivendas ao vial ou por outros impedimentos. Neste caso, o feito de que a carón do vial, no punto no que este se estreita de tal forma de impide o acceso deses vehículos dun maior tamaño, exista unha finca que se atopa en estado de semiabandono favorece, dende o noso punto de vista, que se lle poida buscar unha solución ao problema existente.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes acordos:

1. Dar os pasos necesarios para resolver o problema e anchar o vial no punto no que este se volve máis estreito.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

6 MOCIÓN grupo municipal BNG: DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBLE, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRDACIÓN

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBLE, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRDACIÓN**. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros do grupo PP, 2 membros do grupo Rianxo en Común e o voto da concelleira de cidadanos), cero votos en contra e unha abstención (de 1 membro do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do "verde" asistimos a un lavado de cara dirixido

polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como "lei de depredación" (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

- 1.** Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.
- 2.** Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.
- 3.** impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.
- 4.** incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática.

Singularmente:

- a)** Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.
- b)** Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.
- c)** impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de infraestrutura Verde, Áreas de interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese

comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

- a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.
- b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.
- c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e o voto da concelleira de cidadanos), cero votos en contra e tres abstencións (dos 3 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

7 MOCIÓN grupo municipal BNG: RETIRADA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO AO PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **RETIRADA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO AO PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión con 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e 1 da concelleira de cidadanos, e de 2 membros do grupo PP), 1 voto en contra de un membro do grupo municipal PP e cero abstencións dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu Título II, artigo 27, establece as competencias exclusivas da propia administración autonómica en distintas materias e, no punto 15, recolle "A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre".

No exercicio desas competencias exclusivas, o Parlamento galego aprobou a Lei 11/2008, de 11 de decembro, de pesca de Galiza, modificada pola Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación de la Lei 11/2008, de 3 de decembre, de pesca de Galicia. Esta Lei establece unha serie de medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsábel, racional e sustentábel dos recursos mariños, nomeadamente os plans de xestión, definidos como normas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira.

Os plans de xestión marisqueira comezaron a desenvolverse normativamente en 1993 e na actualidade réxense polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas. Nos plans de xestión teñen participación as confrarías e agrupacións do sector, que son as titulares dos propios plans e as que os propoñen. Os aspectos que regulan son, entre outros, os traballos para a mellora da extracción e produción, os topes de captura por mariscador/a e por día, as especies que se van extraer, os métodos de extracción, os puntos de control, as formas de comercialización, etc.

Así pois, hai case 30 anos que a explotación dos recursos marisqueiros de Galiza se vén organizando a través de plans de explotación anuais, agás neste momento no que a Orde da Consellaría do Mar do 21 de decembro de 2020 os aprobou para o trienio 2021-23. E, dende aquela, son as regras que ditan a explotación dos recursos marisqueiros ao longo de toda a nosa costa e que suman na actualidade un total de 94, repartidos entre 52 de marisqueo a pé, 35 a frote e 7 mixtos.

Deste xeito, estamos diante da regulación da actividade que ocupa directamente a máis de 8.000 persoas en Galiza, que ten unha extraordinaria importancia económica e social e que, por primeira vez dende que existe, vén de ser recorrida polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico co argumento de que necesita, para ser aprobada, un informe preceptivo da propia Administración estatal.

Sen dúbida é unha interpretación errada da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que se refire á necesidade de conseguir informe no caso de que se declaren zonas de interese para cultivos mariños, concesións e autorizacións. Non en tanto, a través dos plans de explotación marisqueira non se outorgan concesións senón que se regula unha actividade que é competencia exclusiva da Administración galega á que nunca, ata o de agora, se lle esixiron ese tipo de informes.

O Ministerio de Transición Ecolóxica dá así un novo paso que vai moito máis alá da afectación ao

sector do mar, vai en contra dos intereses de todo un país pesqueiro, supón unha clara falla de respecto ao marco competencial vixente e, en definitiva, ilustra nitidamente a necesidade de Galiza de blindar as competencias propias.

Sen dúbida, de continuar adiante con esta brutal inxerencia nas competencias exclusivas de Galiza, as consecuencias directas e indirectas para miles de persoas serían gravísimas e a posibilidade dunha suspensión ou derogación do plan de explotación aprobado para o período 2021-23 provocaría un dano absolutamente irreparable.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno do Estado á retirada inmediata do recurso contencioso-administrativo interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico contra a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o trienio 2021-2023.

2. Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente e tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro, e de investigación oceanográfica.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

A voceira do PSOE sinala que está conforme coa moción, e votará a favor da mesma, sempre e cando a propoñente engade un terceiro punto:

3º Instar a Xunta de Galicia para que presente a solicitude e se desactive o recurso para que non se vexan afectados o sector marisqueiro.

Manifestando os diferentes voceiros, incluída a propoñente da Moción, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA con 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e o voto da concelleira do grupo Ciudadanos), un voto en contra (de 1 membro do grupo PP) e dúas abstencións (de 2 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1. Instar ao Goberno do Estado á retirada inmediata do recurso contencioso-administrativo interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico contra a Orde do 21 de

decembro de 2020 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o trienio 2021-2023.

2. Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente e tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro, e de investigación oceanográfica.

3. Instar a Xunta de Galicia para que presente a solicitude e se desactive o recurso para que non se vexan afectados o sector marisqueiro.

8 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=AqG2ilCOoG4>